




Veciñanza apoia a mobilización das Marchas da Dignidade e fai un chamamento a asistir este 24-O ao Obradoiro

As Marchas da Dignidade agrupan a máis de setenta entidades: organizacións sociais, políticas, sindicais, colectivos veciñais e grupos municipais. Procuran a unidade de acción de todos os colectivos que pelexan polas causas xustas da nosa sociedade, impulsándose sempre sobres os mesmo eixos: **pan, traballo e teito**. A experiencia das Marchas da Dignidade amosa o éxito de mobilizacións moi masivas que contaron co apoio e simpatía dunha parte maioritaria da poboación ao longo do Estado. Representan a tan ansiada unidade popular na que conflúe o espírito de gran parte das loitas que se desenvolven por todo o País: pola sanidade pública, pola educación, polos nosos sectores produtivos, polas liberdades, polos servizos públicos, pola nosa identidade e intereses como pobo, etc. Pola nosa dignidade.

O vindeiro 24 de outubro ás 12 do mediodía, as Marchas da Dignidade volverán á praza do Obradoiro. Dende Veciñanza apoiamos esa mobilización e facemos un chamamento a acudir a Compostela para facer visible esa maioría que resistimos fronte á decadencia social e económica á que nos levaron os poderes políticos e empresariais do Réxime do 78.



Cuntis, 22 de outubro de 2015